



O NOVO FONDO DE CAPITAL RISCO “XES INNOVA”, PARA O SECTOR TIC.

O conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, puxo a disposición do sector das TIC o novo fondo de capital risco Xes Innova, dotado con 2 millóns de euros, e que xa ten sido habilitado desde XesGalicia para apoiar especificamente proxectos innovadores.

O Xes Innova, deseñado especificamente para apostar por proxectos especialmente innovadores impulsados por novos emprendedores, é unha iniciativa vinculada, nunha altísima porcentaxe, ao sector TIC. Ademais, o Fondo Emprende, cun aporte total de capital social de 54 millóns de euros, tamén pode resultar unha alternativa interesante a proxectos consolidados.

XesGalicia, a sociedade xestora de entidades de capital risco galega, que será a encargada de xestionar este fondo, apoiará de forma individual ou mediante investimentos compartidos, aos que participen en proxectos tecnolóxicos de inversión en Galicia ou a empresas galegas que aposten por internacionalizarse.

A consellería de Economía e Industria está a apoiar o desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e da comunicación dende ás empresas centros tecnolóxicos, equipos de investigación e plataformas tecnolóxicas centradas no desenvolvemento das TIC galegas. De feito, a Consellería de Economía e Industria, dende a Dirección Xeral de I+D+i, investiu no 2009 máis de 9 millóns no desenvolvemento destas tecnoloxías, o que supón preto de un millón de euros máis que no exercicio anterior.

Ademais, o Instituto Galego de Promoción Económica tamén se ten posto ao servizo dos proxectos solventes que empuxan o desenvolvemento desta industria, facilitando axudas que teñen permitido mobilizar préstamos por valor de máis de 1,5 millóns e investimentos por 3,4 millóns.

Segundo Guerra, “as novas tecnoloxías da Información e Comunicación son aliadas imprescindibles do desenvolvemento económico e social. Por iso, debemos entender que toda xestión responsable, xa sexa no ámbito público ou o privado, ten que afrontar o reto da modernización tecnolóxica como o que é: unha oportunidade para afianzar a solvencia das nosas empresas, comercios, industrias ou administracións”.

Fonte: Xunta de Galicia

AS CARREIRAS UNIVERSITARIAS CON MÁIS SAÍDAS LABORAIS.



Un dos mellores criterios á hora de escoller unha carreira universitaria é valorar as saídas laborais das distintas titulacións.

Os informes máis recentes son claros, e conclúen que a Administración e Dirección de Empresas, Enxeñería Industrial, Enxeñería Técnica Industrial, Economía e Medicina son as titulacións con maior número de ofertas de emprego durante o 2009. Sendo Ciencias Empresariais, Dereito, Enxeñería Informática, Enxeñería de Camións e Química completan a relación das dez titulacións con máis demandas.

Con todo, Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Empresariais, Dereito e Química teñen exceso de titulados a pesar de rexistrar unha elevada oferta de traballo. En cambio, das enxeñerías industriais, Informática, Enxeñería de Camións, Medicina e Económicas non saen suficientes titulados para cubrir a demanda suficiente.

Confírmase a tendencia á redución das ofertas para titulacións universitarias relacionadas co sector da construción. Arquitectura desaparece de entre as vinte carreiras máis demandadas e Arquitectura Técnica mantense, por moi pouco.

De todos os xeitos se ratifica que posuír unha titulación universitaria é clave para acceder a un emprego cualificado.

(Fuente. BIX / Xuventude.net)



PROGRESS, UNHA ALTERNATIVA MÁIS PARA O MERCADO LABORAL.

Aberto o prazo para a subvención de proxectos innovadores relacionados coa mobilidade laboral na UE.

Europa abre unha nova posibilidade para a mellora das estratexias políticas en materia de emprego debido a situación económica na que nos atopamos. Coa presente finalidade estipúlanse dous ámbitos de actuación:

- A mobilidade dos traballadores: Innovadores instrumentos, prácticas e asociacións.

Os obxectivos que se persegue a través do seguinte ámbito son os seguintes:

1. Desenvolver e probar instrumentos innovadores , prácticas e alianzas
2. Transferir os instrumentos, as prácticas e as alianzas de carácter innovador que tiveran éxito.
3. Crear redes, análises e metodoloxías de avaliación comparativa dos resultados entre os actores involucrados na UE, os programas nacionais, rexionais e locais en materia de traballo e mobilidade laboral.

Terase presente neste ámbito a mocidade como colectivo prioritario, dándolle especial protagonismo, a aqueles cuxa incorporación ao mercado laboral posúe especial dificultade.

- O Benchmarking no Servizo Públicos de Emprego

Neste ámbito destacan como obxectivos prioritarios os seguintes:

1. Definir os temas mais adecuados para as actividades desenvoltas polos Servizo Publico de Emprego (SPE): as actividades seleccionadas deben ter un alcance similar, ademais de estar relacionadas coa aplicación das prioridades da Estratexia Europea de Emprego
2. Definir indicadores cuantitativos adecuados e/ou indicadores cualitativos que permitan unha comparación significativa entre as actividades específicas de participación do SPE.
3. Recompilar datos e, posiblemente, crear unha base de datos onde se almacenen as series cronolóxicas.
4. Analizar os resultados co fin de identificar as mellores prácticas ou determinantes no bo desempeño.
5. Difundir os resultados entre os participantes do SPE e a súa presentación aos xefes das reunións do SPE e nos consellos de administración dos SPE participantes.

Os solicitantes dos dous ámbitos poderán ser as persoas xurídicas legalmente constituídas e rexistrado nun dos Estados membros da Unión Europea ou nos países participantes no programa PROGRESS, ademais das organizacións sen ánimo de lucro cuxos fines estean relacionados co emprego e o desenvolvemento deste, e que



estean asociadas a unha autoridade pública nacional, rexional ou local ou a unha axencia estatal/ semiestatal dun dos Estados membros da UE e dos países participantes no programa PROGRESS.

O orzamento dispoñible é de 1.200.000 euros e o prazo para a presentación das solicitudes é ata o 14 de Setembro do presente ano. Para obter maior información, xúntamos o presente link da deputación de A Coruña onde se recolle toda a información que pode resultar do voso interese

http://www.dicoruna.es/ipe/ayudas/carpetasDG/Empleo_asuntos_sociales/2010/conv_VP_2010_010.htm

CREADO O OBSERVATORIO DO EMPREGO PÚBLICO.



O Consello de Ministros aprobou un Real Decreto que ten por obxecto a creación, composición e réxime de funcionamento do Observatorio do Emprego Público.

Este órgano é unha ferramenta da Planificación Estratéxica de Recursos Humanos, que recollerá, analizará e difundirá información sobre a situación actual do emprego nas Administracións Públicas, e deseñará modelos prospectivos que sitúen ao emprego público en condicións de encarar axeitadamente as necesidades futuras.

Entre as súas funcións destacan as de realización de diagnósticos en materia de recursos humanos ou o seguimento da calidade dos servizos e do emprego público. Encargarase de analizar e formular propostas e recomendacións sobre o emprego público do conxunto das Administracións Públicas e será un foro de intercambio e de comunicación de información ao respecto entre estas.

Con iso, o Observatorio permitirá realizar un diagnóstico en profundidade da situación do emprego nas Administracións Públicas e determinar de qué xeito se pode obter o mellor rendemento do capital humano que traballa nas Administracións, en interese dos cidadáns.

O Observatorio do Emprego Público é un órgano colexiado interministerial, adscrito ao Ministerio da Presidencia, a través da Secretaría de Estado para a Función Pública, e conta cun Pleno con representantes da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas e das Cidades de Ceuta e Melilla e das Entidades Locais, a través da Federación Española de Municipios e Provincias. Ademais, participan representantes das Organizacións Sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas.

A composición e funcionamento do Observatorio permitirá conformar tamén grupos de traballo para facilitar a súa operatividade.

A creación dun Observatorio desta natureza foi unha demanda nos últimos anos, que se recolleu no Acordo Goberno-Sindicatos para a Función Pública no marco do diálogo social 2010-2012, do 25 de setembro de 2009. Coa creación deste órgano dáse cumprimento a ese compromiso.

Fonte: Presidencia do Goberno Español



O ICO FINANCIOU 12.400 MILLÓNS DE EUROS DURANTE O PRIMEIRO SEMESTRE.



A través das Liñas de financiamento que o ICO pon en marcha en colaboración con bancos e caixas, concedéronse 10.587 millóns de euros do volume total de empréstitos.

Os formalizados a través da Liña ICO-Liquidez mostran un incremento do 64% respecto ao mesmo período do ano anterior. O Instituto de Crédito Oficial (ICO) concedeu financiamento por un importe de 12.400 millóns de euros a máis de 184.000 empresas e cidadáns durante o primeiro semestre de 2010.

Do total de empréstitos dispostos, 10.587 millóns de euros distribuíronse a través das Liñas de Mediación que o ICO tramita en colaboración con bancos e caixas de aforro, un 28% máis que no mesmo período do ano anterior.

O volume de empréstitos concedidos polo Instituto no primeiro semestre de 2010 complétase coas formalizacións de créditos directos que alcanzan un importe de 1.847 millóns de euros. Estes empréstitos están dirixidos a financiar proxectos de investimento estratéxicos para a economía nacional.

Inversión e Liquidez

As Liñas ICO-Inversión e ICO-Liquidez foron as que tiveron unha maior demanda, concentrando aproximadamente o 80% dos empréstitos dispostos a través das Liñas de Mediación.

A través da Liña de Liquidez concedéronse empréstitos por importe de 3.971 millóns de euros, un 64% máis que no primeiro semestre de 2009, que se destinaron a financiar as necesidades de liquidez de 58.448 autónomos e empresas.

Con cargo á Liña ICO-Inversión aprobáronse empréstitos por importe de 4.319 millóns de euros, un 27% máis que no mesmo período do ano anterior, que serviron para financiar os proxectos de 64.821 autónomos e pemes.

Actuacións en Economía Sostible

Ata a data, o ICO aprobou a concesión de empréstitos por importe de 1.300 millóns con cargo aos diferentes produtos encadrados neste programa.

O Fondo de Economía Sostible 2010-2011 analízase en catro produtos: un fondo de capital inversión para financiamento de infraestruturas e enerxía, un fondo de capital risco, un programa de cofinanciamento directo de proxectos entre o ICO e as entidades financeiras e unha liña de mediación.

A través destes catro produtos fináncianse activos fixos que teñan como obxectivos, entre outros, a mellora da eficiencia enerxética, a xestión da auga, a eco-innovación, o tratamento e xestión de residuos, a mobilidade sostible, as enerxías renovables, a rehabilitación de vivendas e barrios e áreas rurais, a saúde e biotecnoloxía, a enerxía e o cambio climático, as tecnoloxías da información e a comunicación, a aeronáutica e o sector aeroespacial, a atención aos maiores, dependentes e colectivos vulnerables.

Fonte: www.ico.es

